

## INSTRUCCIÓN E CONDICIÓNS USO COMEDOR ESCOLAR 2021-2022

As familias interesadas no uso do comedor escolar no próximo curso escolar deberedes presentar obrigatoriamente a **AUTODECLARACIÓN** correspondente a este ano para a súa solicitude **ata o 7 de xullo no centro educativo** (contactar co centro se é imposible realizalo antes de esta data).

O horario de presentación será o seguinte:

**Venres 2 de xullo:** de 10:00 a 14:00

**Luns 5 de xullo:** de 10:00 a 14:00

**Martes 6 e Mércores 7 de xullo:** de 9:00 a 11:00

NO CENTRO TEMOS A DISPOSICIÓNS PARA CUBRIR AS AUTODECLARACIÓNS. PODEDES TRAER CALCULADA A RENTA ANUAL PER CÁPITA E CUBRIR OS DOCUMENTOS NO CENTRO.

A renda pola que se calculará os prezos públicos de uso do comedor será a **DECLARACIÓN DA RENDA EXERCICIO FISCAL 2020 (anterior ao presente ano)**.

- No caso de **AUTORIZAR** á Administración para a comprobación de datos non fai falta achegar a declaración da renda ao centro.
- No caso de **NON AUTORIZAR** á Administración Educativa para a comprobación dos datos, os solicitantes deberán acreditar ante o CONSELLO ESCOLAR deste centro mediante a presentación da renda neta per cápita familiar do exercicio fiscal do 2020.

### NON TEÑEN QUE PRESENTAR A AUTODECLARACIÓN AS FAMILIAS NOS SEGUINTE CASOS:

- Familias en situación de exclusión social certificada polos servizos sociais autonómicos ou municipais correspondentes.
- Alumnado que se atope en situación de acollemento.
- Alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Alumnado pertencente a unidades familiares vítimas do terrorismo ou violencia de xénero, debidamente acreditados.

**CALCULADORA TARIFAS PARA AS FAMILIAS:** como medida de orientación para as familias a Consellería posúe unha calculadora a través da páxina web na que poderedes calcular a tarifa que vos toca para o uso do comedor.

<https://www.edu.xunta.gal/comedores/calculadora.jsp>

### ALUMNADO ESCOLARIZADO EN CENTROS FÓRA DA ÁREA DE INFLUENCIA.

O alumnado escolarizado en centros que non lles corresponden por área de influencia NON TERÁN QUE FACER A AUTODECLARACIÓN, xa que independentemente das súas circunstancias persoais e de renda familiar, terán que aboar a cantidade de **4,50€ por día por filla/o**. A partir do curso seguinte consolídase nunha situación similar ao alumnado escolarizado na súa zona de influencia e xa presentarán a autodeclaración para o cálculo do pago ou da gratuidade segundo a súa renda.

**COLABORADORES PARA A VIXILANCIA COMEDOR ESCOLAR:** Tamén está aberto o prazo para presentarse voluntaria/o para axudar na vixianza, coidado e tarefas no comedor escolar do centro. Para máis información ou anotarse poderedes vir ou chamar ao centro en horario de mañá de 10:00 a 12:00. As persoas que realicen estes servizos serán aboadas por parte da consellería coa totalidade de **12,50€** por día de asistencia ao comedor para as labores de atención co alumnado.